

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

5721 *Real decreto 255/2016, do 10 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 4/2014, do 10 de xaneiro, polo que se aproba a norma de calidade para a carne, o xamón, a paleta e o lombo embuchado ibérico.*

O Real decreto 4/2014, do 10 de xaneiro, polo que se aproba a norma de calidade para a carne, o xamón, a paleta e o lombo embuchado ibérico, constitúe a normativa básica que rexe estes produtos en España e establece os requisitos de calidade para a súa elaboración e comercialización, de identificación e rastrexabilidade dos produtos, así como o réxime de control, inspección e certificación.

A produción de porcinos do tronco ibérico (porco ibérico en España e porcino alentezano en Portugal), en réxime extensivo, é unha actividade tradicional desenvolvida de forma idéntica en Portugal e España que utiliza un ecosistema común, o montado ou *dehesa*, que dá lugar a animais e produtos de alta calidade. A orixe xenética común de ambas as razas posibilitou un tradicional comercio transfronteirizo de animais de raza alentezana cara a España, destinados á elaboración de produtos ibéricos, beneficioso para as economías locais a ambos os lados da fronteira, que cómpre preservar e desenvolver.

Para protexer estes intercambios, os gobernos de ambos os dous países cooperaron e alcanzaron diversos acordos, o primeiro dos cales foi un «Protocolo técnico para a aplicación da norma de calidade dos produtos do porco ibérico aos animais de raza alentezana e para a harmonización das condicións de cría dos porcos ibéricos en España e Portugal», acordado e asinado o 27 de xuño do ano 2003 polos xefes de ambas as delegacións, no marco da XLII reunión hispano-lusa de hixiene, sanidade e produción animal, celebrada en Baiona (Pontevedra). Posteriormente, en outubro de 2005, acordouse a «Declaración conxunta sobre o reforzo da colaboración transfronteiriza entre Portugal e España nos ámbitos relacionados co porcino do tronco ibérico» asinada polos ministros competentes en materia de agricultura de ambos os dous países. Máis recentemente estableceuse un «Memorando de entendemento en materia de control no ámbito da norma de calidade dos produtos do porco ibérico/alentezano producidos e transformados en Portugal», entre o daquela Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño de España e o Ministerio de Agricultura, Desenvolvemento Rural e Pesca de Portugal, asinado o 31 de maio de 2011 pola directora xeral de Industrias e Mercados Alimentarios de España e o director do Gabinete de Planeamento e Políticas de Portugal, que está actualmente en vigor. Este memorando acordou reforzar a colaboración transfronteiriza entre Portugal e España nos ámbitos relacionados co porco de tronco ibérico, desenvolvendo os requisitos establecidos pola anterior norma, aprobada polo Real decreto 1469/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba a norma de calidade para a carne, o xamón, a paleta e o lombo embuchado ibéricos.

A vixente norma de calidade do ibérico declara no seu artigo 1 que «admitiranse, así mesmo, os produtos elaborados en Portugal, con base nos acordos asinados entre as autoridades de España e Portugal sobre a produción, elaboración, comercialización e control dos produtos ibéricos», pero non recolleu expresamente a equivalencia entre as razas ibéricas e alentezanas, polo que se podería suscitar a dúbida de se os animais vivos procedentes de Portugal poderían ser admitidos para a elaboración de produtos ibéricos acollidos á norma de calidade do ibérico. Para poder resolver esta cuestión cómpre modificar a citada norma incluíndo unha disposición que estableza a dita equivalencia.

Neste marco, o 14 de decembro de 2015, o Goberno portugués dirixiuse ao español para solicitar a avaliación do Real decreto 4/2014, do 10 de xaneiro, co fin de asegurar a

continuidade do comercio transfronteirizo de animais de raza alentexana, tras a finalización da prórroga que o citado real decreto establece respecto aos aspectos raciais. O 11 de xaneiro de 2016 o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente emitiu unha resposta na cal se informa de que, para preservar este comercio transfronteirizo, necesario para os gandeiros e elaboradores de ambos os países, se levaría a cabo unha modificación do real decreto en vigor. Posteriormente, o Goberno portugués precisou que ese comercio transfronteirizo comprendía tamén as producións de animais resultantes dos cruzamentos entre porcos alentexanos e porcos de raza Duroc, polo que solicitou tamén a súa inclusión.

Así mesmo, as entidades xestoras dos libros xenealóxicos do porco alentexano e do porco ibérico puxeron de manifesto, baseándose en diversos estudos científicos, que o denominado tronco ibérico abrangue xeneticamente o porco alentexano e o porco ibérico, o cal garante unha similitude moi elevada na materia prima, obxecto de elaboración dos produtos regulados pola norma de calidade do ibérico. Por tanto, non existe inconveniente na aceptación dos animais alentexanos e dos seus cruzamentos con animais de raza Duroc destinados exclusivamente ao sacrificio e transformación.

Por todo isto, co fin de evitar o cesamento ou distorsións no comercio tradicional das producións de animais procedentes de porcos de raza alentexana e dos seus cruzamentos con porcos de raza Duroc, con destino exclusivamente á elaboración de produtos ibéricos, cuxa realidade fora recoñecida nos documentos antes enumerados e aprobados entre os dous países, e tendo en conta o resto de antecedentes expostos, faise necesario, para os únicos efectos do Real decreto 4/2014, do 10 de xaneiro, establecer unha equivalencia entre os animais descendentes de reprodutores inscritos en ambos os libros xenealóxicos, da raza ibérica e da raza alentexana.

En consecuencia, neste real decreto inclúese unha nova disposición adicional no Real decreto 4/2014, do 10 de xaneiro, polo que se aproba a norma de calidade para a carne, o xamón, a paleta e o lombo embuchado ibérico, que permite dar cabida nel ás producións procedentes de porcos alentexanos e dos seus cruzamentos con Duroc.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, así como as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de xuño de 2016,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 4/2014, do 10 de xaneiro, polo que se aproba a norma de calidade da carne, o xamón, a paleta e o lombo embuchado ibérico.*

Introdúcese unha nova disposición adicional no Real decreto 4/2014, do 10 de xaneiro, polo que se aproba a norma de calidade da carne, o xamón, a paleta e o lombo embuchado ibérico, co seguinte contido:

«Disposición adicional cuarta. *Equivalencias para os porcos de raza alentexana de Portugal.*

Para efectos do cumprimento deste real decreto, os animais de raza alentexana inscritos no libro xenealóxico xestionado por unha organización ou asociación de criadores oficialmente recoñecida para esta raza polas autoridades competentes de Portugal serán equivalentes aos animais de raza ibérica inscritos tamén no seu libro xenealóxico, e aplicaráselles os mesmos requisitos que a estes.

Os produtos procedentes destes animais poderán utilizar as designacións por tipo racial establecidas no artigo 3.1.c) nas mesmas condicións que os procedentes de animais ibéricos.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de xuño de 2016.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA